3. Tendo en conta o anterior, deberíase desbotar calquera decisión que consolide a situación actual e que dificulte as posíbeis accións para reverter a prórroga concedida a ENCE. En consecuencia, deberase paralizar e desbotar a modificación do Proxecto sectorial de Incidencia Supramunipal, que foi publicado no DOG do 14 do 12 de 2012, con posterioridade ás DOT (DOG do 22 de febreiro de 2011) e ao POL (DOG do 23 de febreiro de 2011). Esta modificación ten como obxectivo achandar o terreo para a construción dunha planta de biomasa, unha instalación que, ademais do forte impacto visual e paisaxístico, terá un efecto negativo nos montes da contorna.

4. En definitiva, estamos diante dunha oportunidade histórica para poñer fin a unha desfeita da ría perpetrada en Lourizán durante o franquismo e continuada despois, prórroga incluída. Estamos diante dunha oportunidade para iniciar unha nova etapa de respecto polo medio, de reconciliación coa contorna e de devolución a Pontevedra do que en xustiza lle corresponde.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

"O Parlamento de Galiza insta ao goberno galego a:

1. Desbotar a tramitación da modificación do Proxecto sectorial de incidencia supramunicipal dos terreos de ENCE en Lourizán, por contravir o establecido nas Directrices de Ordenación do Territorio e no Plan de Ordenación do Litoral.

2. Iniciar o procedemento de redacción do instrumento urbanístico ou de ordenación territorial máis acaído para a rexeneración, restauración e reordenación do ámbito de recualificación previsto nos terreos actualmente ocupado pola empresa ENCE.

3. Dirixirse ao goberno do Estado para que revise o acordo adoptado o 20 de xaneiro de 2016 por un goberno en funcións, anulando a prórroga da concesión a ENCE de

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/09/2018 11:36
Nº Rexistro: 36234
Data envío: 10/09/2018 11:36:34.846

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

373.500 m2 de terreos de dominio público marítimo terrestre en Lourizán. Ou no seu defecto que responda ao requirimento repositorio presentado polo concello de Pontevedra ou que se achande ás demandas do concello de Pontevedra na vía administrativa."

Santiago de Compostela, 10 de setembro de 2018

Asdo.: **Luis Bará Torres**
**Montserrat Prado Cores**
**Noa Presas Bergantiños**
**Olalla Rodil Fernández**
**Xosé Luis Rivas Cruz**
Deputadas e deputados do G.P. do BNG
**Ana Pontón Mondelo**
Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Bará Torres na data 10/09/2018 11:34:45**

**María Montserrat Prado Cores na data 10/09/2018 11:34:50**

**Ana Pontón Mondelo na data 10/09/2018 11:34:53**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 10/09/2018 11:34:55**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/09/2018 11:36
Nº Rexistro: 36234
Data envío: 10/09/2018 11:36:34.846

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Olalla Rodil Fernández na data 10/09/2018 11:34:58**

**Noa Presas Bergantiños na data 10/09/2018 11:35:00**

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 23.10.2018 Hora: 10:00**

**Orde do día**

3.3 36650(10/PNP-002723)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula e Cal Ogando, Marcos

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa Lei orgánica 11/2015 e coa Lei 41/2002, así como as actuacións que debe levar a cabo respecto do acordo parlamentario do 23 de novembro de 2016 referido á interrupción voluntaria do embarazo, a obrigatoriedade da educación afectivo-sexual no currículo escolar e o desenvolvemento de campañas de formación sobre métodos anticonceptivos

*Publicación da iniciativa, 358, 19.09.2018*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2018 10:47
Nº Rexistro: 36650
Data envío: 13/09/2018 10:47:58.866

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, por iniciativa da súa deputada **Paula Quinteiro Araújo** e do seu deputado **Marcos Cal Ogando**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.**

Exposición de motivos

O dereito á autonomía reprodutiva é un dereito básico que no noso País non se está respectando.

O feminismo conseguiu visibilizar a violencia obstétrica que padecen numerosas mulleres, e é un dos axentes centrais na defensa do dereito ao aborto.

As limitacións no cumprimento deste dereito moitas veces veñen dadas pola falta de desenvolvemento e posta e práctica da normativa existente, ou pola ausencia de vontade política.

Precisamos que a maternidade sexa sempre libremente elixida, e que a interrupción voluntaria do embarazo se realice con garantías na sanidade pública. A derivación sistemática cara a sanidade privada debe rematar. A escusa que en ocasións se da para xustificar estas derivacións é a obxección de conciencia dalgúns profesionais, polo que compre regular esta cuestión para que nunca vaia en detrimento dos dereitos das mulleres.

O 23 de novembro do ano 2016 aprobouse nesta cámara unha iniciativa para garantir unha atención axeitada da interrupción voluntaria do embarazo en tódolos centros da rede sanitaria pública e os dereitos reprodutivos das mulleres do rural. Nesta iniciativa aprobábase a creación de dous centros de referencia no

país para a atención da interrupción voluntaria do embarazo, un na zona norte e outro na zona sur, co obxecto de garantir a execución dos protocolos internacionais sobre os "Dereitos reprodutivos e sexuais"-recoñecidos como dereitos humanos- na rede pública de saúde galega. Que se fornecera ás mulleres da atención axeitada tal e como recollen os protocolos internacionais, garantindo a mesma atención que nun parto (indución, expulsivo e despois deste en sala axeitada, con posibilidade de anestesia epidural e atención por parte de profesionais de xinecoloxía e matrona), incluído o apoio emocional á muller durante todo o proceso, tendo en conta as súas necesidades, inquedanzas e desexos para poder abordar de xeito integral a súa saúde física e psíquica. E que se dotaran os concellos do rural de profesionais de xinecoloxía nos Centro de Orientación Familiar de referencia, para garantir a atención dos dereitos sexuais e reprodutivos de todas as mulleres, sen discriminacións xeográficas, independentemente de que vivan en zonas rurais ou urbanas.

Na actualidade, case dous anos despois, non se coñece ningún avance neste sentido.

Outro dos temas nos que nos queda moito por facer é no relativo a educación en materia de sexualidade e reprodución, así como no coñecemento e acceso aos métodos anticonceptivos. Neste último apartado compre sinalar que en abril de 2018, recollíase na páxina web do Sergas o folleto "O método anticonceptivo", do ano 2010, no que se describen moi brevemente distintos métodos anticonceptivos, incorporando como método axeitado o coito interrompido, ou métodos baseados no coñecemento da fertilidade. A divulgación que se realizaba neste era absolutamente escasa, sesgada e con datos moi cuestionables, como que a "marcha atrás" teña unha eficacia do 73 ao 96%.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2018 10:47
Nº Rexistro: 36650
Data envío: 13/09/2018 10:47:58.866



Por todo o anterior exposto, preséntase a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a:

1. Dirixirse ao Goberno do Estado para que inicie os trámites necesarios para derrogar a Lei Orgánica 11/2015, do 21 de setembro, para reforzar a protección das menores e mulleres con capacidade modificada xudicialmente na interrupción voluntaria do embarazo, e a Lei 41/2002, do 14 de novembro, reguladora da autonomía do paciente e de dereitos e obrigas en materia de información e documentación clínica para estender a capacidade de outorgar o consentimento para a interrupción do embarazo ás mulleres de 16 e 17 anos, equiparándoas ao réxime xeral aplicable ás mulleres maiores de idade establecido no Código Civil e, por tanto, deixando tamén nas súas mans a decisión de comunicalo ou non aos seus proxenitores.

2. Aplicar de inmediato o acordo parlamentario tomado o 23 de novembro do ano 2016 para garantir unha atención axeitada da interrupción voluntaria do embarazo en todos os centros da rede sanitaria pública e os dereitos reprodutivos das mulleres do rural.

3. Garantir que a educación afectivo sexual sexa obrigatoria no currículo escolar.

4. Levar adiante campañas de formación sobre métodos anticonceptivos actualizados e completos.

Santiago de Compostela, 13 de setembro de 2018.

Asdo.: Paula Quinteiro Araújo

Marcos Cal Ogando

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2018 10:47
Nº Rexistro: 36650
Data envío: 13/09/2018 10:47:58.866

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Luís Villares Naveira

Deputadas e voceiro do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Quinteiro Araújo na data 13/09/2018 10:16:15**

**Marcos Cal Ogando na data 13/09/2018 10:16:22**

**Luis Villares Naveira na data 13/09/2018 10:16:30**

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 23.10.2018 Hora: 10:00**

**Orde do día**

3.4 36793(10/PNP-002746)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e Fernández Fernández, Raúl

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego destinadas á declaración oficial como praga da "Vespa velutina" na comunidade autónoma, así como dirixirse ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación para que revise a versión aprobada pola Comisión Estatal para o Patrimonio Natural e a Biodiversidade do 14 de novembro de 2014 e pola Conferencia Sectorial de Medio Ambiente o 16 de abril de 2015 denominada Estratexia de xestión, control e posible erradicación da avespa asiática ou avespa negra e trasladar ás institucións europeas a urxencia da situación medioambiental que está a suceder en Galicia para que se aborde no seo da Unión Europea e definir unha estratexia comunitaria

*Publicación da iniciativa, 358, 19.09.2018*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2018 18:24
Nº Rexistro: 36793
Data envío: 13/09/2018 18:24:02.643



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados, José Manuel Pérez Seco e Raúl Fernández Fernández, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

No ano 2013, apareceu no escenario autonómico unha nova vespa, a vespa asiática ou velutina.

Estendeuse rapidamente pola nosa comunidade e xa no ano 2014, segundo os datos da Xunta de Galicia, había 69 concellos afectados con niños (Lugo 17, Ourense 1, Pontevedra 22, e A Coruña 29). Na actualidade, segundo os últimos datos dispoñibles da Xunta de Galicia, en agosto de 2018, había 227 concellos afectados con niños (Lugo 49, Ourense 58, Pontevedra 41, e A Coruña 79), dos cales máis de 30 detectaron ter máis de 100 niños dentro dos límites dos seus concellos.

A vespa asiática ou velutina estase a converter nun problema, moi serio para a nosa veciñanza, até o punto de resultar un perigo para a vida das persoas, para a economía e para a biodiversidade.

A saúde dos nosos veciños e veciñas está en perigo con esta especie xa que a súa picadura é moi perigosa por posuír máis veleno que unha vespa autóctona. Moito máis risco corren as persoas alérxicas, sobre todo se atacadas en enxame.

Até o de agora, que unha vespa atacase a unha persoa non era común, pero como estamos a ver nos medios, cada vez danse máis casos na nosa comunidade.

Cando estas vespas só construían niños nas árbores, o perigo era reducido, xa que para recibir un ataque ou se derrubaba a árbore ou se retiraba o niño activo. Esta situación foi evolucionando ata o punto de atopar niños en lugares inesperados: debaixo dos tellados dos alpendres, nunha parede dun supermercado, na esquina dunha finca ou incluso nunha ribada con parte do niño baixo terra.

Polo tanto unha persoa que, por exemplo, esta a rozar unha finca, ten posibilidades de tocar un niño de vespa velutina e atoparse en risco, xa que as vespas defenden o seu fogar atacando cunha violencia extrema. Exemplo diso é, que se votan ao lume cando se queiman os niños.

En canto ao ámbito económico o sustento de moitas familias, maiormente do rural, estase a ver afectado cada vez máis pola presenza desta vespa que inflúe negativamente no desenvolvemento da produción de mel e de cultivos. Teñen como prioridade aniquilar niños de abella, árbores froiteiras ou colleitas; mais se estes non se atopan á súa disposición, adáptanse a outros alimentos chegando á carne ou ao pescado.

Dende a perspectiva medioambiental, o ciclo de desenvolvemento no que se atopa esta especie está a condicionar a outras que forman parte do seu hábitat, as cales vense ameazadas ante o exterminio que se está a dar por onde se establece, aliméntanse de abellas que “esnaquiza”, arañas, bolboretas ou libélulas.

A capacidade de adaptación á climatoloxía e tal, que esta vespa consegue enfrontarse aos duros invernos e incluso chega a romper a barreira de altura en concello da Comunidade.

Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

1º) Que que declare oficialmente como praga a vespa velutina na nosa comunidade autónoma coa consecuente inxección económica e profesional que iso implica.

2º) Dirixirse ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación a que revise a versión aprobada pola comisión estatal para o patrimonio natural e a biodiversidade do 14 de novembro de 2014 e pola Conferencia Sectorial de Medio Ambiente o 16 de abril de 2015 denominada “Estratexia de xestión, control e posible erradicación do avispón asiático ou vespa negra”.

3º) Trasladar ás institucións europeas a urxencia da situación medioambiental que está a suceder en Galicia e que se aborde no seo da Unión Europea para definir unha estratexia comunitaria.

Pazo do Parlamento, 13 de setembro de 2018

**Asinado dixitalmente por:**

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2018 18:24
Nº Rexistro: 36793
Data envío: 13/09/2018 18:24:02.643

Grupo Parlamentario

**Jóse Manuel Pérez Seco na data 13/09/2018 18:22:09**

**Raúl Fernández Fernández na data 13/09/2018 18:22:18**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 13/09/2018 18:22:26**

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 23.10.2018 Hora: 10:00**

**Orde do día**

3.5 36986(10/PNP-002764)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Nóvoa Iglesias, Marta e 5 máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coas axudas de compensación por custos adicionais incorridos por industrias electro-intensivas, previstas na disposición adicional centésima cuadraxésima quinta da Lei de Orzamentos xerais do Estado para o ano 2018, por importe de 150 millóns de euros

*Publicación da iniciativa, 362, 26.09.2018*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/09/2018 10:09
Nº Rexistro: 36986
Data envío: 18/09/2018 10:09:35.423

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Marta Nóvoa Iglesias, María Antón Vilasánchez, Moisés Blanco Paradelo, Moisés Rodríguez Pérez, Cristina Romero Fernández, Miguel Tellado Filgueira** e **Sandra Vázquez Domínguez,** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno.**

**Exposición de motivos**

Rede Eléctrica de España completou o proceso de asignación do servizo de xestión da demanda de interrumpibilidade a través de poxas competitivas coa asignación dun total de 25 bloques de 40 megawatts (MW) e de 320 bloques de 5 MW, o que se traduce nunha potencia interrumpible para o período do 1 de xuño ao 31 de decembro do 2018 de 2.600 MW.

Tras esta adxudicación, algunhas fontes sinalan que a retribución que recibirá o conxunto das empresas electro-intensivas en España en todo o 2018 non superará os 315 millóns de euros, é dicir, un 40% menos dos 525 millóns que recibiron o ano pasado.

Nos Orzamentos Xerais do Estado para o 2017 contemplábase un crédito de 131 millóns de euros para compensar a determinados sectores industriais dos gastos que soportan na factura eléctrica correspondentes á promoción das enerxías renovables.

Así mesmo, elaborouse un proxecto de regulamento para facer efectivas estas axudas, que está á espera da aprobación da Dirección Xeral de Competencia da Comisión Europea e do que non se ten información por parte do Goberno Central.

Nos Orzamentos Xerais do Estado para 2018, na súa disposición adicional centésima cuadraxésima quinta, contémplase un sistema de axudas de compensación por custos adicionais incorridos por industrias electro-intensivas, consignándose 150 millóns de euros con cargo aos recursos da Secretaría de Estado de Enerxía para o financiamento do devandito sistema de axudas.
Ante esta situación, a industria electro-intensiva solicita medidas urxentes para poñer en marcha o mecanismo de compensación e así poder alcanzar as mesmas condicións competitivas que os seus principais competidores europeos.

Por todo iso, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/09/2018 10:09
**Nº Rexistro: 36986**
Data envío: 18/09/2018 10:09:35.423

GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a que requira do Goberno do Estado:

1. Que poña en marcha e antes da finalización da anualidade orzamentaria 2018 as compensacións previstas na disposición adicional centésima cuadraxésima quinta da Lei 6/2018, do 3 de xullo, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2018 por importe de 150 millóns de euros.

2. Que, para o exercicio 2019 e seguintes, se implante un novo réxime de compensación por custos adicionais incluídos no prezo da electricidade soportados pola industrias electro-intensivas.

3. Que para os anos sucesivos se establezan todos os mecanismos de compensación necesarios para que este tipo de industrias compitan en igualdade de condicións coas súas homólogas europeas".

Santiago de Compostela, 18 de setembro de 2018

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 18/09/2018 10:07:48**

**Marta Novoa Iglesias na data 18/09/2018 10:07:56**

**Maria Antón Vilasánchez na data 18/09/2018 10:08:03**

**Moisés Blanco Paradelo na data 18/09/2018 10:08:09**

**Moisés Rodríguez Pérez na data 18/09/2018 10:08:17**

**Cristina Isabel Romero Fernández na data 18/09/2018 10:08:24**

**Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 18/09/2018 10:08:32**

**Sandra Vázquez Dominguez na data 18/09/2018 10:08:40**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 23.10.2018 Hora: 10:00**

**Orde do día**

3.6 37671(10/PNP-002809)

Grupo Parlamentario de En Marea

Casal Vidal, Francisco

Sobre a demanda do Goberno galego ao Ministerio de Transición Ecolóxica da realización das modificacións oportunas para posibilitar o ofrecemento do bono social por todas as empresas comercializadoras de electricidade

*Publicación da iniciativa, 365, 03.10.2018*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2018 09:30
Nº Rexistro: 37671
Data envío: 26/09/2018 19:22:15.429

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

**O Grupo Parlamentario de En Marea**, por iniciativa do seu deputado **Francisco Casal Vidal,** ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa a que todas as comercializadoras de electricidade poidan facilitar o bono social.

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

O ministro do Partido Popular, Álvaro Nadal, impuxo unha reforma do bono social en 2017, contestada por todos os colectivos afectados que, aínda que inclúe algunhas melloras, supuxo un barullo tal que, de non aprobarse a moratoria anunciada pola Ministra de Transición Ecolóxica, estaría a deixar fóra do bono ao 75% das familias que se beneficiaban desta axuda e a moitas máis que deberían ter dereito a el.

Segundo datos do Ministerio de Transición Ecolóxica, a mediados deste verán só 715.000 usuarios puideron acollerse ao novo bono, fronte aos 2,4 millóns de clientes que eran beneficiarios do antigo. Estes datos son a brutal evidencia da penosa política do Goberno do Partido Popular en materia de pobreza enerxética. A súa acción política pasou da nada ao desastre.

Onde estamos? Os últimos datos falan de que máis de 400.000 persoas en Galicia e 4,6 millóns de persoas residentes en España, non foron capaces de manter a súa casa quente durante os meses de frío e que case 600.000 en Galicia e 6,8 millóns en España sufriron temperaturas inadecuadas na vivenda, atrasos no pago de recibos ou ambas situacións.

O novo bono chegou a 715.000 fogares, unha porcentaxe ridícula ante a magnitude do problema. Agora ben, do que non se fala, é de que só poden

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2018 09:30
Nº Rexistro: 37671
Data envío: 26/09/2018 19:22:15.429



solicitalo as persoas que contraten a luz cunha comercializadora de referencia, é dicir, nunha do oito empresas que operan en España nesta categoría, entre as que están as cinco do oligopolio, na súa versión regulada: Naturgy, Endesa, Iberdrola, Viesgo, EDP; CHC e as comercializadoras de Ceuta ou Melilla. Non hai máis.

Entón, que pasa cos máis de 600.000 en Galicia e 15 millóns de clientes/as do mercado libre? Que pasa coas persoas que teñen a luz con algunha das 728 comercializadoras que non son de referencia? Pois que están excluídas do bono social e de toda protección contra o corte de subministración. Nadal vinculou a definición do consumidor vulnerable en risco de exclusión á renda, pero tamén á compañía eléctrica. Con iso, só son suxeitos de dereito fronte a cortes os clientes das comercializadoras de referencia. É dicir, que un non é vulnerable pola súa situación económica e familiar, senón pola compañía coa que ten contratada a luz.

A Ministra Teresa Ribera anunciou que a súa reforma incluirá o principio de precaución, sen definilo. O principio de precaución implica que a empresa non poida cortar subministración sen antes comprobar se o titular está en situación de vulnerabilidade. Aplicará a Ministra de Transición Ecolóxica o principio de precaución a todas as familias ou deixará fóra a 600.000 cidadáns galegos das comercializadoras do mercado libre?

Por todo iso é necesario que todas as comercializadoras poidan facilitar o bono social.

Con iso, ademais de chegar á poboación excluída, evitaríase o transvasamento de clientes ás empresas do oligopolio e fomentaríase a competencia no sector. Desta maneira, poderían ofrecer o bono todas as empresas que o desexasen, entre outras, as cooperativas sociais enerxéticas sen ánimo de lucro que comercializan só enerxía renovable e apostan pola democratización da enerxía. Deixaría así de

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2018 09:30
Nº Rexistro: 37671
Data envío: 26/09/2018 19:22:15.429

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

ser incompatible para un cliente o acceso ao bono social, con ter a luz contratada cunha empresa ética, que non practique o perverso xogo das portas xiratorias

Ante todo o exposto, e considerando que o Goberno da Xunta de Galicia debe intervir e a este fin, En Marea presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:**

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a instar ao Ministerio de Transición Ecolóxica a que faga as modificacións legais oportunas para que todas as comercializadoras de electricidade poidan ofrecer o Bono Social.

Santiago de Compostela, 26 de setembro de 2018.

Asdo.: Francisco Casal Vidal

Deputado do G.P. de En Marea

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Francisco Casal Vidal na data 26/09/2018 19:18:29**

**Luis Villares Naveira na data 26/09/2018 19:18:46**

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 23.10.2018 Hora: 10:00**

**Orde do día**

3.7 37693(10/PNP-002811)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa e 4 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa extensión da rede de puntos de encontro familiar a todo o territorio galego, así como a mellora do protocolo e condicións de acceso das persoas usuarias ás súas instalacións

*Publicación da iniciativa, 365, 03.10.2018*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2018 16:30
Nº Rexistro: 37693
Data envío: 27/09/2018 16:27:01.516

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **María Luisa Pierres López, María Dolores Toja Suárez, Patricia Vilán Lorenzo, Juan Manuel Díaz Villoslada e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo,** a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno.**

**Exposición de motivos**

O propio Decreto 96/2014, do 3 de xullo, polo que se regulan os puntos de encontro familiar en Galicia, no seu preámbulo menciona o seguinte:

"A Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, que consagra os principios reitores de actuación que deben promover os poderes públicos galegos no ámbito da protección á familia, á infancia e á adolescencia, establece no artigo 36 que a Xunta de Galicia potenciará e desenvolverá unha rede de recursos axeitados para garantir a efectividade dos procesos de apoio familiar e mediación para que estes poidan chegar aos sectores de poboación máis amplos posible, tanto a través das novas tecnoloxías como na modalidade de atención presencial.

En concreto, a través dos departamentos da Administración autonómica competentes en materia de familia e xustiza, constituirá servizos de apoio e atención ás familias a través das tecnoloxías da información e a comunicación e promoverá, reforzará e ampliará os servizos de orientación familiar, de mediación e os puntos de encontro familiar. "

O certo é que desde a súa posta en marcha, os Puntos de Encontro Familiar no territorio galego localízanse tan só nas sete principais cidades galegas. Foi a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, a que garantiu a existencia destes puntos, como un servizo que facilita e preserva a relación entre as e os menores e as persoas das súas familias en situacións de crise, e que permite e garante a seguridade e o benestar das e dos menores e facilita o cumprimento do réxime de visitas.

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2018 16:30
Nº Rexistro: 37693
Data envío: 27/09/2018 16:27:01.516

Un servizo que se ten convertido xa en imprescindible para a convivencia e seguridade das e dos menores, e que debería ser de proximidade, cunha maior implantación en todas as comarcas.

A miúdo, as rupturas de parellas que con carácter contencioso e o convenio regulador que contén o réxime de visitas determina a entrega dos menores en lugares distintos dos domicilios dos pais ou doutros parentes; é dicir, que se levan a cabo en Puntos de Encontro Familiar. Puntos que tamén reciben e atenden casos de violencia de xénero no que existen menores ou con situacións familiares problemáticas, máis alá das rupturas de parellas.

Existen localizacións no territorio de Galicia afastadas máis de 100 quilómetros do punto de encontro máis próximo, e para os que os usuarios e usuarias precisan empregar incluso máis de hora e media para achegarse ó mesmo, e polos seus propios medios, o que dista moito do concepto de servicio de proximidade e accesibilidade que debería garantirse.

Son ademais diversas as problemáticas que se teñen detectado nos Puntos de Encontro Familiar, especialmente no tempo de acceso a algúns deles, como o de Pontevedra, onde se ten manifestado en diversos medios as listas de agarda que evidencian a insuficiencia do servicio, e a pertinencia de non só ampliar os medios do mesmo, senón a seren complementados coa creación de novos Puntos de Encontro noutras áreas xeográficas próximas.

Apelando a ese espírito da Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, de potenciar e desenvolver esa rede de recursos axeitados para garantir a efectividade dos procesos de apoio familiar e mediación para que estes poidan chegar aos sectores de poboación máis amplos posible, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Valorar a implantación de novos Puntos de Encontro Familiar en todo o territorio galego creando polo menos un en cada comarca.

2. Estudiar a posibilidade de poñer en marcha a fórmula de Puntos de Encontro Itinerantes nas zonas máis illadas da xeografía galega e alí onde a densidade de poboación non permita o mantemento dun punto de encontro de carácter estable.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2018 16:30
Nº Rexistro: 37693
Data envío: 27/09/2018 16:27:01.516

3. Realizar un informe sobre as condicións de seguridade actuais en cada un dos sete puntos de encontro existentes, co fin de mellorar o protocolo e condicións de acceso ás edificacións ou locais por parte das usuarias e usuarios, e con especial atención as condicións recomendadas en casos de violencia de xénero.

Pazo do Parlamento, 27 de setembro de 2018

Asdo.: María Luisa Pierres López
María Dolores Toja Suárez
Noela Blanco Rodríguez
Patricia Vilán Lorenzo
Juan Manuel Díaz Villoslada
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**María Luisa Pierres López na data 27/09/2018 16:15:03**

**María Dolores Toja Suárez na data 27/09/2018 16:15:09**

**Noela Blanco Rodríguez na data 27/09/2018 16:15:17**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 27/09/2018 16:15:22**

**Juan Manuel Díaz Villoslada na data 27/09/2018 16:15:26**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 27/09/2018 16:15:31**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 27/09/2018 16:15:34**

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 23.10.2018 Hora: 10:00**

**Orde do día**

3.8 38250(10/PNP-002844)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as actuacións que se deben levar a cabo en relación coa presentación do preconcurso de acredores por parte da empresa que xestiona o hospital privado Povisa e o concerto que mantén co Sergas

*Publicación da iniciativa, 368, 10.10.2018*

*Publicación da iniciativa, 371, 16.10.2018*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/10/2018 18:29
Nº Rexistro: 38250
Data envío: 04/10/2018 18:29:29.539

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores**, **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa as actuacións a realizar diante da presentación do preconcurso de acreedores por parte do hospital privado que mantén un concerto co Sergas POVISA.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Vimos de coñecer polos medios de comunicación que a dirección do Hospital privado POVISA ven de presentar preconcurso de acredores alegando perdidas económicas segundo xustifican ocasionadas polo último Concerto asinado co SERGAS en 2014.

O grupo POVISA conseguiu condicionar o desenvolvemento previsto de 1.470 camas para o Hospital Alvaro Cunqueiro, que recortáronse nas 400 do Concerto Singular. Este recorte permitiulle manter o Concerto, o máis caro do Estado español e alcanzar unha posición dominante nas negociacións coa Xunta.

Pola actuación realizada polo Partido Popular na Xunta de Galiza a área sanitaria de Vigo mantén unha nefasta dependencia dun grupo empresarial privado que busca o seu beneficio económico e que é capaz de condicionar o desenvolvemento do Hospital Alvaro Cunqueiro, incrementar o gasto sanitario, e chantaxear á poboación e

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/10/2018 18:29
Nº Rexistro: 38250
Data envío: 04/10/2018 18:29:29.539

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

aos seus traballadores con un peche que deixaría a 1.400 traballadores na rúa a poboación sen as 400 camas necesarias para atender a 139.000 persoas.

A situación de POVISA é responsabilidade da Xunta e do Partido popular que apostou por condicionar área sanitaria en Vigo para seguir mantendo un concerto multimillonario con POVISA. Unha empresa que chantaxea a Galiza utilizando como reféns aos doentes e @s traballadores/as. Este grupo empresarial duplicou en 2017 os seus beneficios e o dono de POVISA é un dos máis ricos do Estado español.

Polo exposto, o Grupo Parlamentar o Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para o seu tratamento en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta ao Parlamento de Galiza a:

Comparecer no Parlamento Galego para dar conta de todo o relacionado co concerto singular asinado entre o Sergas e POVISA.

Realizar unha auditoría das contas e da xestión realizadas por POVISA no relativo ao concerto asinado co Sergas.

Realizar todas as actuacións para garantir a asistencia sanitaria das 139.000 persoas e @s 1400 traballadores aos que afecta a situación de POVISA.”

Santiago de Compostela, 4 de outubro de 2018

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/10/2018 18:29
Nº Rexistro: 38250
Data envío: 04/10/2018 18:29:29.539

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

**Luis Bará Torres**

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María Montserrat Prado Cores na data 04/10/2018 18:28:12**

**Ana Pontón Mondelo na data 04/10/2018 18:28:16**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 04/10/2018 18:28:17**

**Olalla Rodil Fernández na data 04/10/2018 18:28:19**

**Noa Presas Bergantiños na data 04/10/2018 18:28:20**

**Xosé Luis Bará Torres na data 04/10/2018 18:28:21**

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 23.10.2018 Hora: 10:00**

**Orde do día**

4. Interpelacións

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 23.10.2018 Hora: 10:00**

**Orde do día**

4.1 35901(10/INT-001193)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre a política do Sergas en materia de contratación de persoal

*Publicación da iniciativa, 354, 12.09.2018*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/09/2018 17:23
Nº Rexistro: 35901
Data envío: 04/09/2018 17:23:26.549

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

**Eva Solla Fernández,** deputada do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **INTERPELACIÓN.**

Neste verán, evidenciouse de xeito aínda máis contundente que outros anos, a falta de recursos na Atención Primaria do Sistema sanitario público, debido á política de recortes.

A falta de persoal, impide substituír as baixas e vacacións, dar unha cobertura idónea en todas as prazas de pediatría, ou garantir unha atención correcta nas urxencias médicas dos Puntos de Atención Continuada.

Carencias, que teñen como consecuencia que as doentes deba esperar na maioría dos centros de saúde máis dunha semana para ser atendidas, ou os servizos de urxencias conten só cun equipo que debe atender dentro e fora dos centros, situación que pon en risco a saúde das doentes.

Foron moitas as propostas trasladas á Xunta de Galicia por diferentes colectivos, colexios profesionais ou a través de iniciativas parlamentarias, que en moitos casos atoparon un desprestixio absoluto por parte de Goberno.

A falta de planificación, a precariedade imposta polo deterioro das condicións laborais ou as prexubilacións forzosas que se iniciaron sen ningún sentido, forman parte dunha política de desmantelamento do público que non pon ningún interese nunha asistencia sanitaria de calidade na Atención Primaria do Servizo Galego de Saúde.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/09/2018 17:23
Nº Rexistro: 35901
Data envío: 04/09/2018 17:23:26.549



Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Interpelación:

- Canto tempo pensa a Xunta de Galicia seguir mantendo esta situación?
- Teñen pensado mudar a política de contratación do SERGAS, para garantir condicións laborais dignas eliminando a precariedade actual?
- Teñen pensando solucionar as eivas denunciadas na Atención Primaria do SERGAS?
- Cal é o plan de actuación que van a levar a cabo para o mantemento da calidade asistencia da Atención Primaria no SERGAS?
- Van a incrementar o persoal nos Puntos de Atención Continuada para evitar que queden desatendidos os centros de saúde cando teñan que saír a cubrir unha urxencia?
- Cales son as liñas de actuación política que se van a levar a cabo para a cobertura de baixas e vacacións na Atención Primaria?

Santiago de Compostela, 4 de setembro de 2018.

Asdo.: Eva Solla Fernández,

Deputada do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/09/2018 17:23
Nº Rexistro: 35901
Data envío: 04/09/2018 17:23:26.549

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Eva Solla Fernández na data 04/09/2018 17:07:28

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 23.10.2018 Hora: 10:00**

**Orde do día**

4.2 37366(10/INT-001246)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Pierres López, María Luisa

Sobre a política do Goberno galego en materia de estradas

*Publicación da iniciativa, 365, 03.10.2018*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/09/2018 10:00
Nº Rexistro: 37366
Data envío: 21/09/2018 19:05:25.335





Á Mesa do Parlamento

Luís Manuel Álvarez Martínez e María Luisa Pierres López, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte interpelación.

O denominado Plan MOVE presentado no primeiro Goberno Feijóo, contiña as previsións que en materia de estradas acometería a Xunta de Galicia nos seguintes anos. Tales actuacións resultaron en gran medida paralizadas, dados os recortes orzamentarios que nesta materia aprobou ano tras ano o Goberno autonómico.

Xa en outubro de 2010 contemplábase polo propio executivo galego unha rebaixa das propostas iniciais, que supuxeron unha minoración de 621 millóns de euros sobre os 4.265 millóns de euros previstos no ano anterior. Despois, pola vía dos feitos, volveron a recortar esas contías, sen que a Xunta de Galicia dese conta de ningún proceso de planificación.

Pero incluso esas previsións, que abarcaban ata o ano 2020, non se cumpriron, pois están pendentes de acometer unha maioría de obras viarias en estradas autonómicas, pese ao tempo transcorrido, e que constitúen infraestruturas básicas para moitos concellos e comarcas de Galicia.

Se no ano 2009, co primeiro Goberno Feijóo, o programa de construción e conservación en materia de estradas alcanzara os 419 millóns de euros, tal importe foi reducido practicamente á metade en anos posteriores, e incluso na actualidade (para o ano 2018) é, en termos reais, un 45 % inferior. O referido ás infraestruturas viarias foi un dos capítulos máis afectados á baixa polos recortes.

Faise pois preciso non esperar máis tempo e, segundo manifestación de responsables autonómicos, unha vez rematada a crise, que pola Xunta de Galicia se acometan as actuacións en estradas, dando a coñecer as previsións que a Xunta de Galicia ten ao respecto.

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/09/2018 10:00
Nº Rexistro: 37366
Data envío: 21/09/2018 19:05:25.335



Cabe recordar que a lexislación en materia de estradas da Comunidade Autónoma, tanto a actual *Lei 8/2013* como a anterior *Lei 4/1994*, contiña os requisitos legais básicos e trámites que debera ter unha planificación en materia das estradas por parte da Xunta de Galicia, sen que tales previsións nunca foran levadas a cabo polos gobernos presididos por Núñez

O Plan MOVE inicial contiña diversos programas que establecían un montante de 4.265 millóns de euros (do ano 2009) de investimento para ser realizado entre os anos 2010 e 2015. Cabe destacar o *"Programa de vías altas prestacións"* que alcanzaban novas actuacións para a execución de 580 km., dos cales nunha porcentaxe do 70 % está pendente de executar, pese a que xa deberían estar realizadas na actualidade, ou, cando menos, en fase de licitación ou executándose. Actuacións todas elas importantes pero que están pendentes, como igualmente o están as actuacións denominada como de "*Programa de vías estruturantes*" de 265 km., cuxo nivel de execución das conexións e variantes diversas é aínda máis baixo.

O certo é que na actualidade é descoñecida calquera planificación que a Xunta de Galicia teña no relativo as súas estradas, descoñecendo cales serán as actuacións que nesta materia ten previsto acometer o executivo autonómico, así como o ritmo e calendario que imprimirá a tales investimentos.

Por iso o deputado e a deputada que asinan interpelan o Goberno galego nos seguintes termos:

1ª) Ten previsto o Goberno galego realizar unha planificación en materia de estradas de competencia autonómica ?

2ª) De ser así, que prazos ten previstos para os diversos trámites?

3ª) Cumpriranse as disposicións legais a respecto ?

4ª) Considera aínda vixente o denominado Plan MOVE ?

Pazo do Parlamento, 21 de setembro de 20 18

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/09/2018 10:00
Nº Rexistro: 37366
Data envío: 21/09/2018 19:05:25.335

Grupo Parlamentario

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 21/09/2018 19:00:44**

**María Luisa Pierres López na data 21/09/2018 19:00:50**

Partido dos Socialistas de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 23.10.2018 Hora: 10:00**

**Orde do día**

4.3 38081(10/INT-001262)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 4 máis

Sobre a política do Goberno galego en relación coa execución de obras de infraestruturas rurais

*Publicación da iniciativa, 368, 10.10.2018*

Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Juan Manuel Díaz Villoslada, Patricia Vilán Lorenzo, José Manuel Pérez Seco e Raúl Fernández Fernández, deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte interpelación.

No Consello da Xunta de Galicia do 6 de setembro de 2018 acordouse autorizar a sinatura dos convenios de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e 46 concellos galegos para a execución de obras de infraestruturas rurais, por un importe total de 2.237.189,42 € dentro do Plan de infraestruturas rurais (PIR) correspondente ao exercicio 2018.

O dito PIR achegará, segundo manifesta a Consellería do Medio Rural, preto de dous millóns setecentos mil euros para 65 concellos galegos no bienio 2018-19 co obxecto de acondicionar camiños, instalar canalizacións de abastecemento de auga ou regadío ou reconstruír muros de pedra en vías municipais, entre outras actuacións.

O Consello da Xunta de Galicia establece que a través do PIR neste ano acometerase o acondicionamento de 125 camiños rurais, a instalación de máis de 500 metros de canalizacións de abastecemento de auga ou regadío e o acondicionamento de 3.780 metros cadrados da contorna do recinto feiral gandeiro de Curtis, a construción dunha poza enterrada para regadío e contra incendios en Melón e a reconstrución total ou parcial de máis de 200 metros de muros de pedra en diferentes vías municipais, obras que segundo expresa a propia Xunta de Galicia no seu comunicado aos medios "permiten mellorar as condicións de vida da poboación nos núcleos rurais. Estas actuacións intégranse na estratexia global da Xunta para contribuír á fixación da poboación do rural e facilitar o seu asentamento e dinamización".

Por iso os deputados e as deputadas que asinan interpelan o Goberno galego nos seguintes termos:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/10/2018 16:30
Nº Rexistro: 38081
Data envío: 03/10/2018 14:18:59.193

1ª) Que criterios utilizou o Goberno galego para a adxudicación das axudas contempladas no Plan de infraestruturas rurais (PIR) 2018-2019?

2ª) Cales son as obras que pretende financiar o Goberno galego con cargo a este plan en cada un dos concellos galegos?

3ª) Cales son os 65 concellos que serán beneficiados polo Plan de infraestruturas rurais (PIR) 2018-2019?

4ª) Houbo algunha convocatoria pública para adxudicar as axudas contempladas neste plan, se for o caso, cales foron os requisitos, así como o baremo a aplicar para a concesión das ditas axudas?

Pazo do Parlamento, 3 de outubro de 2018

**Asinado dixitalmente por:**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 03/10/2018 13:36:24**

**Juan Manuel Díaz Villoslada na data 03/10/2018 13:36:32**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 03/10/2018 13:36:55**

**Jóse Manuel Pérez Seco na data 03/10/2018 13:37:02**

**Raúl Fernández Fernández na data 03/10/2018 13:37:09**

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 23.10.2018 Hora: 10:00**

**Orde do día**

5. Preguntas para resposta oral do Presidente da Xunta

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 23.10.2018        Hora: 10:00**

**Orde do día**

5.1 38773(10/POPX-000109)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre a opinión do Goberno galego respecto das denuncias do persoal sanitario, asociacións de doentes, sindicatos, plataformas sanitarias e colexios médicos referidas ao deterioro e privatizacións da sanidade pública

*Publicación da iniciativa, 371, 16.10.2018*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2018 18:25
Nº Rexistro: 38773
Data envío: 15/10/2018 18:25:14.430

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Ana Pontón Mondelo**, portavoz do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 152.2 do Regulamento da Cámara e das normas supletorias do 17 de marzo de 2015, formula a seguinte **PREGUNTA** dirixida ao **Presidente do Goberno**, para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

**PREGUNTA AO PRESIDENTE:**

*Considera o Presidente da Xunta que o persoal sanitario, asociacións de doentes, sindicatos, plataformas sanitarias e colexios médicos menten cando denuncian o deterioro e privatizacións da sanidade pública?*

Santiago de Compostela, 15 de outubro de 2018

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**
Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Ana Pontón Mondelo na data 15/10/2018 18:24:54**

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 23.10.2018 Hora: 10:00**

**Orde do día**

5.2 38774(10/POPX-000110)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Leiceaga, Xoaquín María

Sobre a avaliación que fai o Goberno galego do grao de cumprimento das previsións do Plan MOVE

*Publicación da iniciativa, 371, 16.10.2018*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2018 18:25
Nº Rexistro: 38774
Data envío: 15/10/2018 18:25:31.086

**Á Mesa do Parlamento**

**Xoaquín Fernández Leiceaga, portavoz** do **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152.2, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**, dirixida ao **Sr. presidente da Xunta de Galicia.**

Sr. presidente, que avaliación fai do grado de cumprimento das previsións do Plan MOVE?

Pazo do Parlamento, 15 de outubro de 2018

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 15/10/2018 16:03:39**

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 23.10.2018 Hora: 10:00**

**Orde do día**

5.3 38775(10/POPX-000111)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis

Sobre as medidas comprometidas polo Goberno galego no plan de choque contra os incendios forestais que foron realmente executadas

*Publicación da iniciativa, 371, 16.10.2018*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2018 18:29
Nº Rexistro: 38775
Data envío: 15/10/2018 18:29:45.690

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

**Luís Villares Naveira,** Voceiro do **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 152.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **PREGUNTA,** para a súa resposta **oral en Pleno,** dirixida ao **Presidente da Xunta de Galicia.**

Sr. Presidente, podería enumerar cantas das trinta medidas comprometidas no seu plan de choque contra os incendios, foron realmente executadas?

Santiago de Compostela, 15 de outubro de 2018.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Villares Naveira na data 15/10/2018 18:04:49**

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 23.10.2018        Hora: 10:00**

**Orde do día**

6. Preguntas ao Goberno

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 23.10.2018        Hora: 10:00**

**Orde do día**

6.1 33384(10/POP-003846)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as actuacións levadas a cabo ou previstas polo Goberno galego para atallar a situación de discriminación laboral por razón de sexo que se está a dar no servizo de limpeza da Xunta de Galicia

*Publicación da iniciativa, 338, 19.07.2018*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/07/2018 11:07
Nº Rexistro: 33384
Data envío: 12/07/2018 11:07:58.273

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Noa Presas Bergantiños**, **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Montserrat Prado Cores**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa ao cumprimento da Xunta de Galiza e das empresas dela dependentes da lexislación vixente en materia de igualdade e non discriminación laboral e salarial por razón de sexo.

O Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego tivo coñecemento de que as traballadoras do servizo de limpeza da Xunta fixeron o pasado 29 de xuño de 2018 entrega dun escrito nas instalacións do goberno que estaba dirixido á Secretaría Xeral de Igualdade así como á Consellaría de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza. Mediante estes escritos, facían coñecedora á Xunta de Galiza da súa situación de discriminación laboral así como da demanda da súa implicación para levar a cabo as actuacións necesarias para comprobar os feitos e velar polos cumprimento efectivo tanto dereitos laborais como do principio de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes. Para isto, sería preciso que se corrixa a situación actual, na que a empresa concesionaria, Grupo Norte, ascendeu á categoría de peón especialista aos homes que aínda non a posuían, facéndoo de maneira discriminatoria coas mulleres, de maneira unilateral e sen consultalo e comunicalo ao Comité de Empresa. Neste sentido, sería preciso e urxente e que todas as mulleres con categoría de limpadora e cun trienio de antigüidade vexan recoñecida a categoría de peoa especialista.

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/07/2018 11:07
Nº Rexistro: 33384
Data envío: 12/07/2018 11:07:58.273

bng
BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Porén, desde entón a Xunta de Galiza non iniciou nin unha soa actuación e o pasado 11 de xullo as traballadoras manifestábanse ás portas do Parlamento Galego rexistrando un escrito dirixido aos grupos nos que facían constar o seguinte: “queremos trasladarlles que a pesar de ter sido recibidos o pasado mes de xuño por representantes da menciona Consellería, a dia de hoxe todos os feitos denunciados, así como a situación de discriminación por razón de xénero, séguense sen aclarar e/ou solucionar.”

Coñecida esta situación, que o Bloque Nacionalista Galego entende de máxima gravidade, é preciso que a Xunta de Galiza explique as actuacións levadas a cabo, se as houber, e inicie as actuacións precisas na procura dunha solución. Cómpre recordar que se ben son moitos os tipos de discriminacións que sufrimos as mulleres galegas en todos os ámbitos da nosa vida, o económico-laboral ten importantes consecuencias, pois determina en boa parte e a capacidade para evitar outras. Así mesmo, non é de recibo que unha contratación sufragada con diñeiro público e pola administración pública, como é o caso desta concesión, incumpra as directrices recollidas no Decreto lexislativo 2/2015, 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais de Galiza en materia de igualdade.

Por todos estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que actuacións levou ou vai levar a cabo o goberno galego para atallar a situación de discriminación laboral por razón de sexo que se está a dar no servizo de limpeza da Xunta de Galiza?

Santiago de Compostela, 12 de xullo de 2018

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

**Montserrat Prado Cores**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Luis Bará Torres**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 12/07/2018 11:05:51**

**María Montserrat Prado Cores na data 12/07/2018 11:05:56**

**Ana Pontón Mondelo na data 12/07/2018 11:05:58**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 12/07/2018 11:05:59**

**Olalla Rodil Fernández na data 12/07/2018 11:06:00**

**Xosé Luis Bará Torres na data 12/07/2018 11:06:01**

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 23.10.2018        Hora: 10:00**

**Orde do día**

6.2 38107(10/POP-004477)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e 2 máis

Sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto do cumprimento do prazo establecido no Plan MOVE 2009-2015 para o remate da actuación denominada "VAP Tui-A Guarda, treito I: Tui (enlace A-55)-Tomiño (enlace PO-350)"

*Publicación da iniciativa, 368, 10.10.2018*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/10/2018 09:30
Nº Rexistro: 38107
Data envío: 03/10/2018 19:05:36.963

Á Mesa do Parlamento

Luís Manuel Martínez Álvarez, María Luisa Pierres López e Abel Fermín Losada Álvarez, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

O Plan de Mobilidade e Ordenación Viaria Estratéxica 2009-2015, coñecido como plan MOVE, prevé no seu deseño como liñas básicas as seguintes:

1ª) Orientar a política en materia de infraestruturas ao servizo dunha concepción estratéxica e global do país, contribuíndo á mellora da competitividade da economía e ao benestar dos cidadáns.

2ª) Mellorar as condicións de accesibilidade e da mobilidade das persoas, garantindo o acceso da poboación e das mercadorías ás infraestruturas do transporte con carácter equitativo, universal e global.

3ª) Acadar unha mobilidade sostible, compatibilizando o desenvolvemento económico coa preservación do medio ambiente.

4ª) Garantir a seguridade no transporte, mellorando as condicións das infraestruturas e dos usuarios.

Sobre estas liñas básicas, establece unha serie de obxectivos que necesitan unha temporalización (ou horizontes temporais como os denomina) para ser acadados. Á súa vez, establece unha nova clasificación da rede viaria galega entre a que se atopan as vías de altas prestacións (VAP), que está constituída polas vías de maior entidade que comunican a Comunidade Autónoma co resto de España e Portugal; así como as principais áreas metropolitanas entre si, conformando este grupo autoestradas, autovías, corredores e vías para automóbiles.

O programa de vías de altas prestacións deseñouse sobre o compromiso que existía (segundo o Goberno da Xunta de Galicia) para impulsar en todos os

itinerarios de nova construción a execución de autovías ou, no seu caso, de vías de circulación con deseño desdobrable para transformalas en autovías cando o tráfico así o demandase e de lograr que o 80 % da poboación de Galicia se situase a menos de 10 minutos dunha VAP.

O certo é que dentro da planificación existente figura a VAP Tui - A Guarda Treito I: Tui (enlace A-55) - Tomiño (enlace PO-350) cunha lonxitude de 3,9 km, un orzamento de 41.664.000€ e un horizonte temporal que sitúa o remate desta actuación no ano 2013.

Ante as dúbidas existentes entre o previsto na planificación inicial (da que non se coñecen modificacións formais) e a súa concreción no que a VAP Tui - A Guarda Treito I: Tui (enlace A-55) - Tomiño (enlace PO-350) se refire, os deputados e a deputada que asinan preguntan:

Que valoración fai a Xunta de Galicia do cumprimento do horizonte temporal establecido no ano 2013?

Pazo do Parlamento, 3 de outubro de 2018

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 03/10/2018 18:42:47**

**María Luisa Pierres López na data 03/10/2018 18:42:54**

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 03/10/2018 18:43:00**

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 23.10.2018 Hora: 10:00**

**Orde do día**

6.3 38162(10/POP-004488)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e 2 máis

Sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto do cumprimento do prazo establecido no Plan MOVE 2009-2015 para o remate da actuación denominada "VAP Nadela-Sarria. Desdobramento da VAP Nadela-Sarria"

*Publicación da iniciativa, 368, 10.10.2018*

grupo socialista Parlamento de Galicia · PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Luis Manuel Álvarez Martínez, María Luisa Pierres López e María Concepción Burgo López, deputado e deputadas, pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

O Plan de Mobilidade e Ordenación Viaria Estratéxica 2009-2015, coñecido como plan MOVE, prevé no seu deseño como liñas básicas as seguintes:

1. Orientar a política en materia de infraestruturas ao servizo dunha concepción estratéxica e global do país, contribuíndo á mellora da competitividade da economía e ao benestar dos cidadáns.

2. Mellorar as condicións de accesibilidade e da mobilidade das persoas, garantindo o acceso da poboación e das mercadorías ás infraestruturas do transporte con carácter equitativo, universal e global.

3. Acadar unha mobilidade sostible, compatibilizando o desenrolo económico coa preservación do medio ambiente.

4. Garantir a seguridade no transporte, mellorando as condicións das infraestruturas e dos usuarios.

Sobre estas liñas básicas, establece unha serie de obxectivos que necesitan unha temporalización (ou horizontes temporais como os denomina) para ser acadados.

Á súa vez, establece unha nova clasificación da rede viaria galega entre a que se atopan as vías de altas prestacións (VAP), que está constituída polas vías de maior entidade que comunican a Comunidade Autónoma co resto de España e Portugal, así como as principais áreas metropolitanas entre si, conformando este grupo autoestradas, autovías, corredores e vías para automóbiles.

O programa de vías de altas prestacións deseñouse sobre o compromiso que existía (segundo o goberno da Xunta de Galicia) para impulsar en tódolos itinerarios de nova construción a execución de autovías ou, no seu caso, de vías de circulación con deseño desdobrable para transformalas en autovías cando o tráfico así o demandase e de lograr que o 80 % da poboación de Galicia se situase a menos de 10 minutos dunha VAP.

O certo é que dentro da planificación existente figura a VAP Nadela-Sarria Desdobramento da VAP Nadela-Sarria cunha lonxitude de 26,8 km, un orzamento de 34.827.000 € e un horizonte temporal que sitúa o remate desta actuación no ano 2015.

Ante as dúbidas existentes entre o previsto na planificación inicial (da que non se coñecen modificacións formais) e a súa concreción no que a VAP Nadela-Sarria Desdobramento da VAP Nadela-Sarria se refire, o deputado e a deputada que asinan preguntan:

Que valoración fai a Xunta de Galicia do cumprimento do horizonte temporal establecido no ano 2015?

Pazo do Parlamento, 4 de outubro de 2018

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 04/10/2018 12:42:09**

**María Luisa Pierres López na data 04/10/2018 12:42:15**

**Maria de la Concepción Burgo López na data 04/10/2018 12:42:23**

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 23.10.2018        Hora: 10:00**

**Orde do día**

6.4 38757(10/PUP-000195)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis e 13 máis

Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para dignificar as condicións laborais do sector da elaboración dos produtos do mar, diante da situación actual da negociación do seu convenio

*Publicación da iniciativa, 371, 16.10.2018*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2018 17:09
Nº Rexistro: 38757
Data envío: 15/10/2018 17:09:42.021

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

**Luís Villares Naveira, Manuel Lago Peñas, Antón Sánchez García, Carmen Santos Queiruga, Julia Torregrosa Sañudo, Marcos Cal Ogando, Francisco Casal Vidal, Luca Chao Perez, Ánxeles Cuña Bóveda, Flora Miranda Pena, Paula Quinteiro Araujo, Davide Rodríguez Estévez, Eva Solla Fernández e Paula Vázquez Verao**, deputados e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea,** ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara presentan a seguinte **Pregunta urxente para a súa resposta oral en Pleno,** relativa á necesidade de actuación por parte da Xunta nas negociacións do sector de produtos elaborados do mar.

**Xustificación da Urxencia.**

A situación das traballadoras e traballadores do sector dos produtos do mar con procesos de conxelación e refrixeración está marcada pola precariedade e polos baixos salarios. A pesar de que a industria de transformación de produtos derivados do mar é unha das mais importantes do noso país, que ten o peso maioritario do sector a nivel estatal. Hai que ter presente que o 75% do sector atópase en Galiza e que a súa patronal maioritaria ten sede en Vigo.

O convenio estatal de produtos elaborados do mar con procesos de conxelación e refrixeración, que expirou en 2015, marca unhas condicións que deben mellorarse de inmediato, xa que se trata dun dos máis precarios de todo o ámbito da alimentación, con xornadas laborais superiores ás 40 horas semanais, salarios que superan escasamente os 800 euros mensuais de media e cuns ritmos de produción moi altos.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2018 17:09
Nº Rexistro: 38757
Data envío: 15/10/2018 17:09:42.021

GRUPO PARLAMENTAR en marea

A precariedade incide especialmente coa extensión de formas de subcontratación que implican recorte de dereitos. Así, o traballo temporal está cada vez mais presente no sector, coa implantación de novas fórmulas abusivas como as empresas multiservizos ou as falsas cooperativas. Nalgúns centros de traballo é moito maior a porcentaxe de traballadores de ETT que os contratados pola empresa principal.

A negociación do convenio leva anos paralizada, xa que a patronal négase a atender as reivindicacións dos traballadores e traballadoras. Unhas reivindicacións tan básicas coma que se contabilice o tempo de descanso para a comida como tempo de traballo, uns 20 minutos que si se contabilizan noutros convenios colectivo. Resulta inadmisible tamén que se continúe sen pagar o plus de nocturnidade ás traballadoras que realizan este traballo en horario nocturno.

Polo tipo de actividade, este sector presenta grandes riscos para a saúde e a seguridade das traballadoras, que se ven cada día expostas a unha longa lista de ameazas asociadas a diferentes procesos: uso de ferramentas afiadas, frecuente contacto coa auga na propia actividade do manipulado, traballo en pavimentos e superficies esvaradizas, continua exposición ao frío, ambientes moi húmidos. Agravado todo elo por uns ritmos de traballo a velocidades de vertixe. É por iso que se reivindica un plus de refrixeración.

Ademais, as actuais táboas salariais están por debaixo dos 14.000 euros anuais que fixa o Acordo Estatal de Negociación Colectiva asinado este ano. As traballadoras levan vendo desde o 2010 como vai diminuíndo o seu poder adquisitivo, ao non acadar sequera o incremento do IPC . Perante esta situación, nas negociacións do novo convenio a patronal do sector non ofertaba ningunha cláusula de revisión salarial, senón subidas por debaixo do IPC.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2018 17:09
Nº Rexistro: 38757
Data envío: 15/10/2018 17:09:42.021

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Por todo o anteriormente sinalado, o Grupo Parlamentario de En Marea formula a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno, con carácter urxente:**

Que vai facer a Xunta de Galicia para dignificar as condicións laborais do sector de elaborados do mar, perante a situación actual da negociación do seu convenio?

Santiago de Compostela, 15 de outubro de 2018.

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Villares Naveira na data 15/10/2018 17:03:37**

**Antón Sánchez García na data 15/10/2018 17:03:45**

**José Manuel Lago Peñas na data 15/10/2018 17:03:51**

**Paula Vázquez Verao na data 15/10/2018 17:04:02**

**María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 15/10/2018 17:04:05**

**Carmen Santos Queiruga na data 15/10/2018 17:04:07**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2018 17:09
Nº Rexistro: 38757
Data envío: 15/10/2018 17:09:42.021

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

**Eva Solla Fernández na data 15/10/2018 17:04:10**

**Luca Chao Pérez na data 15/10/2018 17:04:13**

**Paula Quinteiro Araújo na data 15/10/2018 17:04:16**

**Flora María Miranda Pena na data 15/10/2018 17:04:24**

**Francisco Casal Vidal na data 15/10/2018 17:04:28**

**David Rodríguez Estévez na data 15/10/2018 17:04:31**

**Marcos Cal Ogando na data 15/10/2018 17:04:35**

**Julia Torregrosa Sañudo na data 15/10/2018 17:04:37**

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 23.10.2018 Hora: 10:00**

**Orde do día**

6.5 35932(10/POP-004244)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 8 máis

Sobre os trámites que debe seguir a Xunta de Galicia conxuntamente co Consorcio da Zona Franca de Vigo para o cumprimento dos prazos establecidos para a execución do proxecto de construción do primeiro campus de formación profesional na cidade

*Publicación da iniciativa, 355, 13.09.2018*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/09/2018 13:34
Nº Rexistro: 35932
Data envío: 05/09/2018 13:34:53.223

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

**A Mesa do Parlamento**

**Teresa Egerique Mosquera, Marián García Míguez, César Fernández Gil, María Antón Vilasánchez, Carlos Gómez Salgado, Isabel Novo Fariña, Antonio Mouriño Villar, Encarna Amigo Díaz** e **Martín Fernández Prado,** deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno.**

O pasado mes de abril a Xunta de Galicia e o Consorcio da Zona Franca de Vigo acordaron a construción do primeiro campus de FP en Vigo.

O acordo determina que as obras estean financiadas pola Xunta e a Zona Franca cun orzamento superior aos dez millóns de euros e que está previsto que comecen no ano 2019 e rematen no 2020.

Un centro que aglutinaría a oferta formativa de 16 centros da comarca nun espazo de 4.000 metros cadrados na cidade de Vigo, na zona do Meixoeiro e que albergaría a 7.200 alumnos, 600 profesores e 20 familias profesionais.

A Xunta e Zona Franca propuxeron unha estratexia de colaboración conxunta para coordinar actividades e programas para optimizar recursos, adaptarse ás necesidades do tecido empresarial, fortalecer a FP dual e crear novos espazos de oportunidades para o alumnado.

O proxecto ten que superar diferentes trámites e algúns xa foron dados.

Por estes motivos, os deputados asinantes formulamos a seguinte pregunta en Pleno:

Cales son os trámites a seguir por parte da Xunta de Galicia conxuntamente coa Zona Franca para que o proxecto de construción do primeiro campus de FP en Vigo cumpra os prazos acordados?

Santiago de Compostela, 5 de setembro de 2018

**Asinado dixitalmente por:**

**Teresa Egerique Mosquera na data 05/09/2018 13:31:00**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/09/2018 13:34
Nº Rexistro: 35932
Data envío: 05/09/2018 13:34:53.223

GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA

**María Ángeles Garcia Míguez na data 05/09/2018 13:31:12**

**César Manuel Fernández Gil na data 05/09/2018 13:31:22**

**Maria Antón Vilasánchez na data 05/09/2018 13:31:25**

**Carlos Gómez Salgado na data 05/09/2018 13:31:31**

**María Isabel Novo Fariña na data 05/09/2018 13:31:39**

**Antonio Mouriño Villar na data 05/09/2018 13:31:48**

**María Encarnación Amigo Díaz na data 05/09/2018 13:31:56**

**Martín Fernández Prado na data 05/09/2018 13:32:03**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 23.10.2018        Hora: 10:00**

**Orde do día**

6.6 38146(10/POP-004484)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca e 2 máis

Sobre as razóns do incumprimento do catálogo de postos de traballo de mestres de educación infantil no Centro Público Integrado As Mirandas, do concello de Ares

*Publicación da iniciativa, 368, 10.10.2018*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/10/2018 11:52
Nº Rexistro: 38146
Data envío: 04/10/2018 11:52:54.633

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

**Luca Chao Pérez, Ánxeles Cuña Bóveda e Antón Sánchez García**, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do recollido no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **PREGUNTA, para a súa resposta oral en Pleno,** relativa á cobertura de profesorado no CPI As Mirandas de Ares.

Hai semanas que a Comunidade Educativa do CPI As Mirandas vén denunciando a situación que padecen tras serlles recortada unha praza de mestre en Educación infantil que non se cubriu na adxudicación provisional para o presente curso escolar 2018-19 tras a xubilación do seu titular a finais do curso pasado.

Máis de dúas semanas despois do inicio das clases, a Consellería segue a dar a calada por resposta, ignorando estas demandas e pisoteando os dereitos das nenas e nenos do centro. O recorte citado dun profesor no ciclo de Infantil é ilegal, pois esta praza inclúese no catálogo de postos de traballo da Consellería correspondente ao CPI, no que figuran como oito o número de mestres que lles corresponderían ao ter seis unidades en Educación Infantil.

Cómpre lembrar que no curso 2017/18 o CPI As Mirandas contou cun total de 79 alumnos de Infantil, distribuídos en seis aulas, con seis mestres titulares e dous mestres de apoio, tal e como establece o catálogo. Malia o importante aumento de matrícula producido no centro neste curso escolar, 15 alumnas e alumnos máis nesta etapa educativa elimínase un dos mestres que correspondían. A petición de cobertura de praza é urxente, precisamente por estarmos diante das nenas e nenos máis pequenos.

Por estes motivos o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta en Pleno:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/10/2018 11:52
Nº Rexistro: 38146
Data envío: 04/10/2018 11:52:54.633

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

- Que motivos explican o incumprimento do catálogo neste centro?

Asdo.: Luca Chao Pérez
Ánxeles Cuña Bóveda
Antón Sánchez Garcia
Deputadas e deputado do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Luca Chao Pérez na data 04/10/2018 11:34:09**

**María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 04/10/2018 11:34:15**

**Antón Sánchez García na data 04/10/2018 11:34:22**

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 23.10.2018 Hora: 10:00**

**Orde do día**

6.7 37864(10/POP-004439)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto do impulso da dotación á provincia de Lugo dun centro integral de referencia para as persoas diagnosticadas con trastornos do espectro do autismo, TEA

*Publicación da iniciativa, 368, 10.10.2018*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/10/2018 16:46
Nº Rexistro: 37864
Data envío: 01/10/2018 16:46:49.902

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

**Paula Vázquez Verao,** deputada do Grupo Parlamentario de En Marea, ao abeiro do artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno.**

Os trastornos de espectro autista (TEA) son un conxunto de trastornos que afectan ao desenvolvemento do sistema nervioso e ao funcionamento cerebral, con especial incidencia nos aspectos que teñen que ver co procesamento da información que provén de estímulos sociais. Trátase dun amplo espectro de trastornos con gran diversidade de síntomas, graos de afectación e necesidades específicas de cada persoa que os presenta.

Os TEA adóitanse identificar nos primeiros anos de vida e este diagnóstico precoz, que é algo complexo, é moi importante para o traballo no desenvolvemento dos nenos e nenas, pois é fundamental o inicio dunha axeitada intervención temperá.

A dispoñibilidade de servizos en todo o territorio galego é fundamental para garantir o dereito de todas as persoas con TEA a ter unha atención específica que lles permita maximizar as súas posibilidades de aprendizaxe e desenvolvemento persoal, o que será fundamental na súa inclusión social.

Nos últimos anos, posiblemente polo aumento do diagnóstico, hai un incremento da prevalenza dos TEA entre a poboación. Segundo a Federación Autismo Galicia, en 2017 hai 1434 nenos e nenas de 0 a 9 anos susceptibles de presentar TEA.

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/10/2018 16:46
Nº Rexistro: 37864
Data envío: 01/10/2018 16:46:49.902

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

A cidadanía da provincia de Lugo ten menos recursos para a atención das persoas con TEA que o resto do País onde, en xeral, tamén hai un gran déficit de recursos.

Lugo non conta con ningún centro de atención a persoas adultas con TEA, habendo un proxecto de centro de atención para persoas con TEA que aínda non se materializou.

En relación á Atención Temperá, coma no resto de Galiza, o seu desenvolvemento é moi deficitario, só coa UAT comarcal da Mariña e coa Unidade de Rehabilitación Infantil e Atención Temperá do HULA, que só ten unha praza de logopeda, o que xera lista de agarda.

En xeral, faltan recursos públicos para a atención ás persoas con TEA e a Xunta descarga estas necesidades nas Asociacións, que fan unha labor fundamental nunha área tan relevante como formación do profesorado.

Para as persoas con TEA é fundamental contar con recursos de proximidade, que lles permitan manter as súas rutinas. Cando as persoas con TEA rematan a etapa educativa é esencial dispor de recursos na zona, para evitar cambios bruscos nas rutinas e na vida.

Polo exposto, a deputada que subscribe presenta a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

- Vai a Xunta promover a dotación dun centro integral de referencia para as persoas diagnosticadas con TEA na provincia de Lugo?

Santiago de Compostela, 1 de outubro de 2018.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/10/2018 16:46
Nº Rexistro: 37864
Data envío: 01/10/2018 16:46:49.902

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Deputada do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Vázquez Verao na data 01/10/2018 16:38:49**

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 23.10.2018        Hora: 10:00**

**Orde do día**

6.8 33469(10/POP-003862)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Vega Pérez, Daniel e 6 máis

Sobre os programas da Xunta de Galicia destinados a incrementar o consumo de leite

*Publicación da iniciativa, 342, 27.07.2018*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/07/2018 10:45
**Nº Rexistro: 33469**
Data envío: 16/07/2018 10:45:41.399

GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA

**A Mesa do Parlamento**

**Daniel Vega Pérez, José González Vázquez, Raquel Arias Rodríguez, Silvestre Balseiros Guinarte, Moisés Blanco Paradelo, Carlos Gómez Salgado** e **Miguel Prado Patiño,** deputados e deputada do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno.**

Conscientes da importancia do sector lácteo para a economía galega, dende o Grupo Parlamentario Popular queremos interesarnos sobre o traballo que desenvolveu a Xunta de Galicia en prol de incrementar o consumo de leite entre os consumidores.

Nas explotacións galegas prodúcese un leite de excelente calidade motivado por unha mellora xenética importante, a suma de condicións xeográficas e un manexo excepcional das vacas.

Desde o Grupo Parlamentario Popular consideramos necesario a aposta pola promoción e o consumo dos produtos agroalimentarios galegos e, neste caso concreto, do leite galego.

Así, ante o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Que programas desenvolve a Xunta de Galicia para incrementar o consumo de leite entre os consumidores?

Santiago de Compostela, 16 de xullo de 2018

**Asinado dixitalmente por:**

**Daniel Vega Pérez na data 11/07/2018 18:46:54**

**José González Vázquez na data 11/07/2018 18:47:05**

**Raquel Arias Rodríguez na data 11/07/2018 18:47:13**

**Silvestre Balseiros Guinarte na data 11/07/2018 18:47:23**

**Moisés Blanco Paradelo na data 11/07/2018 18:47:31**

**Carlos Gómez Salgado na data 11/07/2018 18:47:37**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/07/2018 10:45
**Nº Rexistro: 33469**
Data envío: 16/07/2018 10:45:41.399

GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA

**Jesús Miguel Prado Patiño na data 11/07/2018 18:47:49**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 23.10.2018        Hora: 10:00**

**Orde do día**

6.9 38724(10/PUP-000194)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre a adopción polo Goberno galego das medidas necesarias para evitar no sucesivo episodios como a vaga de lumes que asolou Galicia en outubro de 2017

*Publicación da iniciativa, 371, 16.10.2018*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2018 13:38
Nº Rexistro: 38724
Data envío: 15/10/2018 13:38:46.482

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández**, **Montserrat Prado Cores**, **Noa Presas Bergantiños**, **Luis Bará Torres** e **Ana Pontón Mondelo**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, polo trámite **de urxencia**, sobre as medidas adoptadas despois da vaga de lumes que asolou Galiza en outubro de 2017.

**Xustificación da urxencia**

A urxencia vén motivada pola alarma e desconfianza xerada pola extrema fraxilidade do noso territorio despois da vaga de lumes que asolou Galiza en outubro de 2017.

**Exposición de motivos**

Pasado un ano da vaga de lumes que asolou Galiza, a poboación continúa a ollar para o monte con temor renovado a cada lume que se produce. Esta alarma e desconfianza, froito da constatación por parte da poboación, en outubro do pasado ano, da extrema debilidade do noso territorio ante os incendios, leva ao Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, a través dos deputados e

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2018 13:38
Nº Rexistro: 38724
Data envío: 15/10/2018 13:38:46.482

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

deputadas asinantes, a formular a seguinte pregunta para a súa resposta oral ante o Pleno, polo trámite de urxencia:

Considera o Conselleiro de Medio Rural que se tomaron as medidas necesarias desde o goberno de Galiza para evitar no sucesivo episodios coma o dos tres días de outubro de 2017?

Santiago de Compostela, 15 de outubro de 2018

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**
**Olalla Rodil Fernández**
**Luis Bará Torres**
**Montserrat Prado Cores**
**Ana Pontón Mondelo**
**Noa Presas Bergantiños**
Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 15/10/2018 13:37:29**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2018 13:38
Nº Rexistro: 38724
Data envío: 15/10/2018 13:38:46.482

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**María Montserrat Prado Cores na data 15/10/2018 13:37:35**

**Ana Pontón Mondelo na data 15/10/2018 13:37:37**

**Olalla Rodil Fernández na data 15/10/2018 13:37:38**

**Noa Presas Bergantiños na data 15/10/2018 13:37:40**

**Xosé Luis Bará Torres na data 15/10/2018 13:37:41**

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 23.10.2018        Hora: 10:00**

**Orde do día**

6.10   38759(10/PUP-000196)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Blanco Paradelo, Moisés e 6 máis

Sobre o balance que fai a Xunta de Galicia das modificacións introducidas na política forestal, en materia de prevención e extinción de incendios forestais, un ano despois da vaga de lumes de outubro de 2017 e tralo remate da Comisión especial de estudo ao respecto

*Publicación da iniciativa, 371, 16.10.2018*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2018 17:16
Nº Rexistro: 38759
Data envío: 15/10/2018 17:16:29.700

GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA

**Á Mesa do Parlamento**

**Moisés Blanco Paradelo, Daniel Vega Pérez, Raquel Arias Rodríguez, Carlos Gómez Salgado, Miguel Prado Patiño, Jacobo Moreira Ferro e Rosa Oubiña Solla,** deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte Pregunta Oral Urxente en Pleno.

**Xustificación da urxencia:**

A urxencia ven motivada pola necesidade de aclarar afirmacións inexactas difundidas por determinados grupos a raíz dos últimos lumes forestais producidos este ano.

**Exposición de motivos:**

Os recentes lumes produto da actividade incendiaria en Mondariz ou en varios concellos da provincia de Ourense trouxeron á memoria da sociedade galega a vaga de lumes que viviu Galicia hai un ano, durante a segunda fin de semana de outubro de 2017. Unha vaga de lumes sen precedentes directamente relacionada cunha forte actividade incendiaria.

Determinados voceiros de organizacións políticas aproveitaron estes sucesos para dicir que nada tiña mudado en Galicia desde entón. Desde o Grupo Parlamentario Popular non concordamos en absoluto con estas afirmacións. En novembro de 2017 a Xunta de Galicia puxo en marcha un plan de 30 medidas anunciadas polo Presidente neste Parlamento, que se teñen ido desenvolvendo ao longo deste ano. E posteriormente, o pasado 28 de novembro constituíse no Parlamento de Galicia a Comisión especial non permanente de estudo e análise das reformas da política forestal, de prevención e extinción de incendios forestais e do Plan Forestal de Galicia, a cal finalizou coa aprobación dun Ditame o 31 de xullo deste ano.

Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte Pregunta Oral en Pleno polo trámite de urxencia:

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2018 17:16
Nº Rexistro: 38759
Data envío: 15/10/2018 17:16:29.700

GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA

Que balance fai a Xunta de Galicia das mudanzas introducidas na política forestal, de prevención e extinción de incendios forestais un ano despois da vaga de lumes de outubro de 2017 e unha vez finalizada a comisión especial de estudo ao respecto?

Santiago de Compostela 15 de outubro de 2018.

**Asinado dixitalmente por:**

**Moisés Blanco Paradelo na data 15/10/2018 17:13:23**

**Daniel Vega Pérez na data 15/10/2018 17:13:55**

**Raquel Arias Rodríguez na data 15/10/2018 17:14:11**

**Carlos Gómez Salgado na data 15/10/2018 17:14:33**

**Jesús Miguel Prado Patiño na data 15/10/2018 17:14:49**

**Jacobo Moreira Ferro na data 15/10/2018 17:15:08**

**Rosa Oubiña Solla na data 15/10/2018 17:15:26**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510  F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com